



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do **18 de setembro de 2026**, adoptou o seguinte acordo:

7.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS E/OU ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DAS MULLERES NO ANO 2026.EXPTE. 14527/224.

Visto o informe de fiscalización do 15/09/2026, sométese a aprobación o informe-proposta do 14/08/2026, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa de Igualdade e conformado pola concelleira delegada, a concelleira da Área de Goberno e pola asesora xurídica do Servizo de Igualdade, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de xuño de 2026 aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria das subvencións do Servizo de Igualdade a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2026.

A cantidade máxima destinada a esta liña de subvencións é de 91.500,00 € (noventa e un mil cincocentos euros) que se farán efectivos con cargo á aplicación orzamentaria 2311 4890000 “*Promoción da igualdade e do deporte feminino*”.

A convocatoria e as bases de estas subvencións publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. Así mesmo, as Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra os días 11/06/2026 (BOPPO núm. 110) e 15/06/2026 (BOPPO núm. 112), respectivamente. O prazo para presentar solicitudes comezou o 16 de xuño e rematou o 30 de xuño de 2026.

Recibíronse solicitudes correspondentes a 40 entidades a través do Rexistro xeral do Concello de Vigo, presentadas polo procedemento e no prazo estipulado, tal e como establece a base décimo primeira, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).

O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes e da documentación que debe acompañalas. Tras a revisión das solicitudes presentadas, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta e/ou incorrecta. Todas as entidades achegaron a documentación solicitada. Segundo o establecido na base sétima da convocatoria, a avaliación das



solicitudes determinárase procedendo primeiro á exclusión das solicitudes conforme ao estipulado na base quinta.

Toda vez que as Bases reguladoras da convocatoria establecen unha contía máxima de axuda a conceder por entidade beneficiaria e por programa de 3.000 € (apartado 3 da base oitava), as entidades solicitantes acreditaron estar ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e co Concello de Vigo presentando unha declaración responsable (Anexo IV que acompañaba á solicitude).

Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de Avaliación, integrada por dona Ana Laura Iglesias González, concelleira delegada de Igualdade e Comercio que actuou como presidenta, dona Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade, e dona Mar Soto García, axente de igualdade de oportunidades, que ademais actuou como secretaria. A Comisión constituíuse o día 14 de agosto de 2026 co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria (incorpórase ao expediente a acta da devandita sesión xunto coas follas valorativas de cada entidade e dúas táboas: unha táboa que reflicte a puntuación outorgada a cada un dos programas segundo os criterios de avaliación e a puntuación total, o reparto dos remanentes e o importe das axudas propostas, e unha táboa co resumo das contías propostas para a súa concesión).

Das 40 solicitudes presentadas, dúas entidades son propostas para a denegación das súas solicitudes polos seguintes motivos: unha entidade non estaba inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións na data en que presentou a súa solicitude (requisito establecido no apartado 1.b da base quinta das Bases reguladoras da convocatoria), e outra entidade non acadou a puntuación mínima de 10 puntos no apartado 1 da base sétima (conforme o apartado 2.m da base quinta, estas solicitudes serán excluídas da convocatoria).

As restantes 38 entidades solicitantes son propostas para concesión de subvención.

En cumprimento do artigo 21.4 da Lei de subvencións de Galicia, maniféstase que, da información que obra no poder do Servizo de Igualdade, se desprende que as entidades beneficiarias cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a estas axudas.

En aplicación das Bases da convocatoria e previo o preceptivo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Conceder, con cargo á aplicación orzamentaria *“Promoción da igualdade e do deporte feminino”* 2311 4890000 do orzamento vixente do Servizo de Igualdade, as subvencións propostas ás entidades que se relacionan no anexo I deste acordo, para a realización dos programas desenvolvidos ao abeiro do “Programa específico de subvencións do Servizo de Igualdade para a realización de programas de promoción das mulleres do ano 2026”, por un importe total de noventa mil novecentos trinta e sete euros con sesenta e sete céntimos (90.937,67 €), constando no anexo I, que se incorpora, a relación de entidades, programas e contías das axudas solicitadas e das subvencións concedidas.





CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

2º.- Denegar a concesión de subvención ás solicitudes presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, polos motivos que se indican a continuación:

a) Por non atoparse debidamente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións na data de presentación da solicitude (apartado 1.b) da base quinta das Bases reguladoras da convocatoria):

- Asociación NONONON ORG, CIF G56852130, expte. núm. 14722-224, que presenta a súa solicitude o día 30/06/2026 para o programa *As do mar*. Segundo informe do Servizo de Participación Cidadá de data 08/07/2026, documento número 250128715, incorporado ao expte. 14527-224, esta entidade non está formalmente inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións.

b) Por non acadar a puntuación mínima de 10 puntos que establece o apartado 1 da Base Sétima, polo que de acordo co establecido na mesma base e no punto 2m) da Base Quinta, estes proxectos non serán subvencionables, xa que de non chegar a esta puntuación indica unha mala definición e calidade do proxecto presentado:

- Caracátús Asoc. Sociocultural de Acompañamento e Intervención ás Familias, CIF G75587303, expte. núm. 14682-224, que presenta a súa solicitude o día 28/06/2026 para o programa *Cóñécete: Explórate: Programa formativo de autoexploración mamaria*.

3º.- Publicar este acordo no Portal de Transparencia e Bo Goberno do Concello de Vigo e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións para a súa publicación.

4º.- Notificar o acordo ás entidades interesadas, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses.”

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



ANEXO I. ENTIDADES, PROGRAMAS, CONTÍAS SOLICITADAS E CONTÍAS CONCEDIDAS

EXPTE.	CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntuación	Contía solicitada	CONTÍA PROPOSTA CONCESIÓN
14651	G27832856	ASOCIACIÓN CULTURAL DA VILA DE BOUZAS	ELAS, AS DE BOUZAS (4ª EDICIÓN)	23	608,40 €	608,40 €
14659	G27739861	ASOC. CULTURAL TRASPÉS	A MEMORIA DAS NOSAS MAIORES	18	3.000,00 €	3.000,00 €
14663	G27826999	ASOCIACIÓN DE EMPRESARIAS DE GALICIA	XORNADA “SOLTANDO AMARRAS”	35	3.000,00 €	3.000,00 €
14666	G36622835	ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE VIGO	MENOPAUSIA: MITOS E TABÚES	27	890,00 €	890,00 €
14667	G36709004	ASOCIACIÓN VECIÑAL DOUTOR FLEMING	SAÚDE E MULLER 2026	18	3.000,00 €	3.000,00 €
14668	G36691855	ASOC. VECIÑAL CULTURAL E RECREATIVA SAN MAMEDE DE ZAMÁNS	COAS NOSAS MANS	16	700,00 €	700,00 €
14669	G36964757	ASOCIACIÓN DE MUJERES VIUDAS DEMÓCRATAS EUROPEAS DE VIGO	CURSO DE PILATES	16	968,00 €	968,00 €
14670	G36659894	ASOCIACIÓN VECIÑAL SAN ROQUE	MANTER EN FORMA O ESTADO FÍSICO E MENTAL (PILATES)	16	3.000,00 €	3.000,00 €
14673	Q2866001G	CRUZ ROJA ESPAÑOLA- ASAMBLEA COMARCAL DE VIGO	SAÚDE E BENESTAR PARA MULLERES	36	3.000,00 €	3.000,00 €
14674	G36648988	ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA SAN XURXO DE SAIÁNS	CERÁMICA DE INICIACIÓN IX	15	1.200,00 €	1.200,00 €
14675	G36817385	ESCOLA TEMPO LIBRE XARUMA	COIDADOS E MASCULINIDADES	25	2.158,49 €	2.158,49 €
14676	G04965679	ASOCIACIÓN AS DA BOUZA	BOUZARTE, MULLERES E TRADICIÓNS	20	2.800,00 €	2.800,00 €
14678	V36658680	CENTRO RECREATIVO Y CULTURAL DE CABRAL VIGO	TRANSFORMA O QUE ÍAS TIRAR DÁNDOLLE UNHA SEGUNDA VIDA	21	2.934,00 €	2.934,00 €
14679	G36684991	ASOC. VECIÑAL AS FONTES DE LAVADORES	CURSO “VIVIR EN IGUALDADE”	33	3.000,00 €	3.000,00 €

(Continúa seguinte folla. Páxina 1 de 3)



ANEXO I. ENTIDADES, PROGRAMAS, CONTÍAS SOLICITADAS E CONTÍAS CONCEDIDAS (continuación)

EXPTE.	CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntuación	Contía solicitada	CONTÍA PROPOSTA CONCESIÓN
14680	G36649325	ASOC. VECIÑAL DE SAN PEDRO DE SÁRDOMA O CARBALLO	CONVIVIR EN IGUALDADE	33	3.000,00 €	3.000,00 €
14681	G36729796	ASOCIACIÓN VECIÑAL DA FEIRA DE CABRAL	CURSO “VIVIR EN IGUALDADE”	33	3.000,00 €	3.000,00 €
14683	G36619468	ASOC. DE MUJERES DORNA DE LA PARROQUIA DEL CRISTO DE LA VICTORIA	CURSO “VIVIR EN IGUALDADE”	41	3.000,00 €	3.000,00 €
14684	G36648996	SOCIEDAD CULTURAL RECREATIVA DE PARDAVILA	CURSO “VIVIR EN IGUALDADE”	33	3.000,00 €	3.000,00 €
14685	G36662971	ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA	SEGUIMOS TRABALLANDO DE CARA A MELLORAR A NOSA CALIDADE DE VIDA	19	2.400,00 €	2.400,00 €
14686	G15103112	SINDICATO NACIONAL DE CCOO DE GALICIA	ENCONTRO SINDICAL DA MULLER: TRABALLAR SEGURAS E LIBRES DE ACOSO E DISCRIMINACIÓN	38	3.000,00 €	3.000,00 €
14688	G81454969	FUNDACIÓN AMIGÓ	ACOMPañANDO	34	3.000,00 €	3.000,00 €
14689	G36624120	APAMP ASOCIACIÓN DE FAMILIARES DE PERSOAS CON PARÁLISE CEREBRAL	TECENDO REDES	35	3.000,00 €	3.000,00 €
14690	G36380301	ASOC. DIAGNOSTICADAS DE CANCRO DE MAMA E XINECOLÓXICO	PROMOCIÓN DA SAÚDE NAS MULLERES DIAGNOSTICADAS DE CANCRO 2026	27	3.000,00 €	3.000,00 €
14691	G36632081	ASOCIACIÓN VECIÑAL DE BEADE AVCU-CSCR	TALLER “PÉTALOS E SOÑOS”	18	1.087,54 €	1.087,54 €
14692	G36861078	FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN	PROXECTO OLIMPIA	33	2.284,00 €	2.284,00 €
14693	G27852755	ASOC. SOCIOCULTURAL AS DA INDUSTRIA	CUESTIONARSE É A ÚNICA SAÍDA: FEMINISMO PARA DESAPRENDER X AS DA INDUSTRIA	31	3.000,00 €	3.000,00 €

(Continúa seguinte folia. Páxina 2 de 3)



ANEXO I. ENTIDADES, PROGRAMAS, CONTÍAS SOLICITADAS E CONTÍAS CONCEDIDAS (continuación)

EXPTE.	CIF	ENTIDADE SOLICITANTE	NOME DO PROGRAMA	Puntuación	Contía solicitada	CONTÍA PROPOSTA CONCESIÓN
14700	G36802536	ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA AYUVI	PROGRAMA NÓS. EMPODERAMENTO, AUTOCOIDADADO E AMOR PROPIO	19	1.750,00 €	1.750,00 €
14713	G36654036	ASOC. DE VECIÑOS DE SAN PEDRO DE MATAMÁ A UNIÓN	COCIÑA E CORRESPONSABILIDADE: AUTONOMÍA DOMÉSTICA PARA HOMES	19	1.327,11 €	1.327,11 €
14714	G56818164	ASOCIACIÓN CULTURAL LAR DE SOPAS	AVOAS COIDADORAS E VECIÑANZA	24	3.000,00 €	3.000,00 €
14715	G27746486	ASOCIACIÓN XARUMA	ESPAZO NÓS MESMAS: SEMENTES DE COIDADADO. RAÍCES QUE FALAN	36	1.575,29 €	1.575,29 €
14716	G15383011	UNION GENERAL DE TRABAJADORES DE GALICIA	XXX ENCONTRO SINDICAL DA MULLER TRABALLADORA	39	3.000,00 €	3.000,00 €
14717	G36706927	CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA CIG	O NOSO TRABALLO CONTA: A PERSPECTIVA DE XÉNERO NO SINDICALISMO	42	3.000,00 €	3.000,00 €
14718	G36617082	ASOCIACIÓN CENTRO CULTURAL ARTÍSTICO E RECREATIVO VALLADARES	“TÉÑAMOS EN CONTA” CLASES DE MÚSICA POPULAR PARA CANTAREIRAS	25	3.000,00 €	3.000,00 €
14719	G36895993	ASOC. CULTURAL TRIANA DE VIGO	CURSO DE CANTO TRADICIONAL GALEGO	18	1.650,00 €	1.650,00 €
14720	G36820637	ASOC. GALLEGA AMIGOS DEL ROCIO DE VIGO	CURSO DE PANDEIRETEIRAS 2025-2026	18	2.329,42 €	2.329,42 €
14721	G27771195	ASOCIACIÓN DE VECINOS NOVO VIGO	CONCILIARTE: O SESGO DE XÉNERO NAS NEURODIVERXENCIAS	27	1.395,42 €	1.395,42 €
14724	G27789536	ASOC. PRO-ESCOLA SEMENTE VIGO	MEDRANDO EN IGUALDADE	31	2.880,00 €	2.880,00 €
14732	G36654184	ASOCIACIÓN VECIÑAL SOCIO CULTURAL E DEPORTIVA O FREIXO VALLADARES	ETAPAS DA VIDA EN FEMININO: SAÚDE, LIDERANZA, IGUALDADE E EMPODERAMENTO	25	3.000,00 €	3.000,00 €

(Páxina 3 de 3)





Concello de Vigo

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.

